



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE FAGOT, CUADRIMESTRE VII  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA  
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)  
CURSO 2024/2025

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: <i>FAGOT VII</i>										
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN						ITINERARIO		FAGOT	
CARÁCTER	MATERIAS OBRIGATORIAS ESPECÍFICAS						TIPO DE CLASE		INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA						XEFE/A DE DPTO.		ISMAEL VAQUERO BAQUERO	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA		ALEJANDRA RIVERA FERNÁNDEZ			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5 H
ECTS/CUAD							10		Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA	
	ALEJANDRA RIVERA FERNÁNDEZ						aleriverfer@gmail.com		Luns de 12:30 a 13:30	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ó grado superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas no curso anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1 Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. T2 Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala axeitadamente. T3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. T6 Realizar autocritica cara o propio desempeño profesional e interpersoal. T13 Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional. T15 Traballar de xeito autónomo e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional. T17 Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS:	X1 Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido axeitadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical. X3 Producir e interpretar axeitadamente a notación gráfica de textos musicais. X6 Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel axeitado ao seu eido principal de actividade. X8 Aplicar os métodos de traballo máis axeitados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudio persoal e na práctica musical colectiva. X11 Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os rasgos estilísticos que caracterizan o dito repertorio e poder describilos de xeito claro e concreto. X13 Coñecer os fundamentos da estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica. X21 Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos, tendo desenvolvido a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados. X24 Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E1 Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando axeitadamente os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística. E2 Construír unha idea interpretativa coherente e propia.



E4 Expresarse musicalmente co seu instrumento dun xeito fundamentado no coñecemento e dominio na técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas.  
E5 Comunicar como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor.  
E6 Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.  
E10 Coñecer as implicacións escénicas que conlevan a súa actividade profesional e ser quen de desenvolver as súas aplicacións prácticas.

Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Interpretar un repertorio de obras de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.	T1, T6, T13, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, E11, E12, E14, E15, E110
2. Acadar autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X11, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E16
3. Coñecer as convencións interpretativas de cada estilo e época.	T1, T13, T17, X1, X3, X8, X11, X13, E11, E14, E15, E110
4. Adestrar a memoria.	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X8, X21, X24, E12, E15
5. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendibilidade do tempo empregado.	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X13, X21, X24

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Interpretación	1.1 Respiración, recursos e exercicios. 1.2 Sonoridade/columna de aire como base da interpretación. 1.3 Escalas e arpejos a diferentes velocidades metronómicas. 1.4 Diferentes tipos de articulación e traballo do fraseo. 1.5 Práctica de distintos exercicios que axuden a solucionar as dificultades atopadas nunha obra ou estudo. 1.6 Estudos e obras de diferentes estilos e épocas. 1.7 Convencións e dificultades encontradas na interpretación en público. 1.8 Sesións de repaso ou apoio.	6+5parciais          2
2. Análise musical aplicada	2.1. Contextualización estilística e histórica do material a interpretar. 2.2 Análise formal e harmónica aplicada á interpretación.	5 parciais
3. Estudo do repertorio con pianista acompañante	3.1. Interpretación do repertorio materia de exame co pianista acompañante. 3.2. Práctica memorística do repertorio co pianista.	1
4. Coñecemento dos principais compositores, escolas e tendencias da creación musical	4.1 Explicación e mostra dos principais compositores. 4.2 Visualización e/ou escoita atenta de diferentes versións das obras.	3 parciais
5. Desenvolvemento da memoria,, lectura a vista e improvisación musicais.	5.1 Memorización de exercicios técnicos. 5.2 Memorización de pasaxes musicais. 5.3 Memorización de obras ou movementos 5.4 Práctica de lectura a vista con pezas do seu nivel. 5.5 Práctica improvisatoria en diferentes escalas sobre patróns rítmico-melódicos.	11 parciais
6. Audición pública	6.1 Interpretación en público das obras ou estudos traballados en clase e propostas pola profesora.	2
TOTAL SESIÓNS:		16



5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE (Por cuadrimestre)			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
1. Actividades introductorias. 1.1. Primeira toma de contacto profesora-estudante para saber os coñecementos previos. 1.2. Exercicios técnicos de quentamento entre profesora e estudante.	2	0	2
2. Actividades de ensino-aprendizaxe 2.1. Traballar distintos aspectos da técnica instrumental. 2.2. Fabricación e manipulación de cañas. 2.3. Estudo e comprensión das características dos diferentes estilos a interpretar.	28	40	68
3. Actividades de consolidación 3.1. Retomar estudos e obras para consolidar os aspectos traballados durante o curso. 3.2. Realización de exames individuais dos estudos de técnica ou de concerto. 3.3. Audición pública con pianista de pezas de distintos estilos.	12	33	45
4. Práctica individual.		150	150
5. Pescuda de información.		10	10
6. Actividades complementarias e extraacadémicas 6.1. Audicións públicas de estudos de concerto ou pezas para fagot solo. 6.2. Cursos e masterclass	5	20	25
TOTAL HORAS:			300

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Valoración dos exercicios técnicos, estudos e obras propostos pola profesora na aula.	1. Nivel de destreza técnica. 2. Execución rítmica precisa e segura. 3. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 4. Fidelidade ao texto. 5. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 6. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 7. Capacidade de autocrítica. 8. Autonomía no traballo amosado.	Todas	50%
Exame de Estudos de técnica ou de concerto: interpretación dun estudo de Bitsch elixido polo alumno/a e un de Menghini elixido pola profesora.	1. Execución rítmica precisa e segura. 2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación.	Todas	25%
Audicións públicas con ou sen acompañamento de piano (dependendo do tipo de repertorio). Interpretación de dúas obras de diferentes estilos: unha obra será elixida pola profesora e outra polo alumno/a, entre as que aparecen no apartado 8. <i>Bibliografía, Materiais e Documentos.</i>	6. Capacidade autocrítica. 7. Autonomía no traballo amosado. 8. Coñecemento do protocolo do concerto, organización e utilización dos materiais necesarios para unha adecuada interpretación. 9. Interpretación memorística de algún movemento ou obra proposta pola profesora.		25%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Audición pública:	1. Execución rítmica precisa e segura.	Todas	100%



<p>- Exame de obras: Interpretación de dúas obras de diferentes estilos: unha obra será elixida pola profesora e outra polo alumno/a, entre as que aparecen no apartado 8. <i>Bibliografía, Materiais e Documentos.</i></p> <p>- Exame de Estudos de técnica ou de concerto: interpretación dun estudo de Bitsch elixido polo alumno/a e un de Menghini elixido pola profesora</p>	<p>2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 6. Capacidade autocrítica. 7. Autonomía no traballo amosado. 8. Coñecemento do protocolo do concerto, organización e utilización dos materiais necesarios para unha adecuada interpretación. 9. Interpretación memorística de algún movemento ou obra proposta pola profesora.</p>		
<p>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) *(Alumnos que superen as 3 faltas por cuadrimestre perderán o dereito á avaliación continua)</p>			
<p>Audición pública:</p> <p>- Exame de obras: Interpretación de dúas obras de diferentes estilos: unha obra será elixida pola profesora e outra polo alumno/a, entre as que aparecen no apartado 8. <i>Bibliografía, Materiais e Documentos.</i></p> <p>- Exame de Estudos de técnica ou de concerto: interpretación dun estudo de Bitsch elixido polo alumno/a e un de Menghini elixido pola profesora.</p>	<p>1. Execución rítmica precisa e segura. 2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 6. Capacidade autocrítica. 7. Autonomía no traballo amosado. 8. Coñecemento do protocolo do concerto, organización e utilización dos materiais necesarios para unha adecuada interpretación. 9. Interpretación memorística de algún movemento ou obra proposta pola profesora.</p>	Todas	100%
<p>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</p>			
<p>Audición pública:</p> <p>- Exame de obras: Interpretación de dúas obras de diferentes estilos: unha obra será elixida pola profesora e outra polo alumno/a, entre as que aparecen no apartado 8. <i>Bibliografía, Materiais e Documentos.</i></p> <p>- Exame de Estudos de técnica ou de concerto: interpretación dun estudo de Bitsch elixido polo alumno/a e dous de Menghini elixidos pola profesora.</p>	<p>1. Execución rítmica precisa e segura. 2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 6. Capacidade autocrítica. 7. Autonomía no traballo amosado. 8. Coñecemento do protocolo do concerto, organización e utilización dos materiais necesarios para unha adecuada interpretación. 9. Interpretación memorística de algún movemento ou obra proposta pola profesora</p>	Todas	100%
<p>Observacións: Hai dúas convocatorias por cada cuadrimestre</p>			
<p>7. CRITERIO PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA</p>			
<p>Os alumnos que acaden unha cualificación de 9 poderán ser propostos para obter matrícula de honra. No caso de que o número de alumnos propostos supere ó número de matrículas de honra posibles, resolverase nas audicións programadas para a avaliación do cuadrimestre.</p>			



8. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

8.1 Métodos de exercicios de técnica instrumental	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Allard,M., <i>Tablature, trilles, gammes diatoniques et chromatiques pour bassoon.</i></li> <li>- Bourdeau,E., <i>Grande Methode Complete pour le basson</i></li> <li>- Kovar,S., <i>Daily Studies.</i></li> <li>- Oubradous,F., <i>Enseignement complet du basson (vol.1, 2 e 3).</i></li> </ul>
8.2 Estudos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Bitsch,M., <i>20 Etudes.</i></li> <li>- Dubois,P.M., <i>Douze Etudes.</i></li> <li>- Menghini,V., <i>18 Studi per Fagotto.</i></li> <li>- Piazzolla,A., <i>Tango-Etudes pour basson et piano</i></li> <li>- Pivonka,K., <i>Virtuozni étude pro Fagot</i></li> <li>- Plante,C., <i>Études pour bassoon solo, Op.170.</i></li> <li>- Ronnes,R., <i>16 Studies for The Orchestra Bassoonist</i></li> </ul>
8.3 Obras para fagot solo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arnold,M. <i>Fantasy for bassoon</i></li> <li>- Bach,J.S., <i>Suites para cello IV y V</i></li> <li>- Denisov,E., <i>Sonata for bassoon solo.</i></li> <li>- Genzmer,H., <i>Sonata for bassoon solo.</i></li> <li>- Persichetti,V., <i>Parable for solo bassoon.</i></li> </ul>
8.4 Obras con acompañamento (piano, cuerdas...)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Bozza,E., <i>Fantasie pour basson et piano</i></li> <li>- Devienne,F., <i>Sonata n°3 y N°5 for bassoon and basso continuo.</i></li> <li>- Durán,J., <i>Suite para fagot y piano</i></li> <li>- Dutilleux,H., <i>Sarabanda et cortege pour basson et piano</i></li> <li>- Fasch,J.F., <i>Sonata en C major.</i></li> <li>- Francaix, J. <i>Divertissement para fagot y orquesta de cuerdas</i></li> <li>- Hummel,J.N., <i>Grand Concerto for bassoon and Orchestra</i></li> <li>- Jacob,G., <i>Concerto for bassoon ad strings</i></li> <li>- Kalliwoda,J. W., <i>Variations and Rondo B flat major op. 57</i></li> <li>- Koechlin,C., <i>Silhouettes de Comédie for bassoon and orchestra, Op. 193</i></li> <li>- Kreutzer,C., <i>Variationen für fagott und orchester</i></li> <li>- Rossini,G., <i>Concerto for bassoon and orchestra</i></li> <li>- Saint-Säens,C., <i>Sonata pour basson et piano</i></li> <li>- Tansman,A. <i>Sonatine pour basson et piano</i></li> <li>- Villalobos,H., <i>Ciranda das Sete Notas</i></li> <li>- Viola,A., <i>Concerto per a fagot i orquesta</i></li> <li>- Vivaldi,A., <i>Concertos per fagotto, archi e cembalo RV 480, RV 483, RV 492</i></li> <li>- Weber,C.M., <i>Concerto en F Major Op.75</i></li> </ul> <p style="text-align: center;"><i>Andante e Rondó Ungarese Op.35</i></p>